

Resolución do 15 de decembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais dos resultados da entrevista persoal e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Entrevista persoal

A comisión levou a cabo as entrevistas persoais ás/aos aspirantes que se presentaron. Aquelas dúas persoas que non tiñan acreditado o coñecemento do idioma galego, antes de realizar a entrevista persoal, fíxoselle unha proba de dominio dese idioma contando, para elo, cun asesor nesta lingua.

Segundo: Aprobar as listas provisionais dos resultados da entrevista persoal

De conformidade co establecido na base oitava, acordou aprobar as listas provisionais de resultados da entrevista persoal pertencente ao proceso de selección.

Terceiro: Facer pública as listas provisionais dos resultados da entrevista persoal

De conformidade co establecido na base oitava, acordou facen públicas as listas provisionais de resultados da entrevista persoal pertencente ao proceso de selección que figuran como Anexo á presente resolución, en forma de lista ordenada de maior a menor puntuación.

Segundo a base oitava.3, nesta fase poderase acadar unha puntuación máxima de 10 puntos.

As/o aspirantes que non se presentaron á proba non a superan, polo que son excluídas/o das Listas de resultados.

Cuarto: Alegacións

De conformidade co establecido na base oitava, os/as aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das listas provisionais, para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. De non haber reclamacións, a lista provisional enténdese aprobada definitivamente.

Todas as alegacións dos/as aspirantes, só poderán ser presentadas:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, de Santiago de Compostela (A Coruña):
 - de luns a xoves: de 09:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h
 - venres: de 09:00 h a 14:00 h
- Nas oficinas das delegacións provinciais, de luns a venres, en horario de 09:00 h a 14:00 h. Estas atópanse nos seguintes enderezos:
 - Estrada N-VI, Km 581, Guísamo - Bergondo (A Coruña)
 - Polígono industrial do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17; Lugo
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), parcela 1-G, nave 3, San Cibrao das Viñas (Ourense)
 - Lg. Cabanas – Salcedo, 54; Pontevedra

O derradeiro día de presentación de alegacións será o mércores, 20 de decembro.

A presentación de alegacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017



Martín Martínez Abal
Presidente da Comisión